

,18-X-1976.

Querido Luis: Recibín a tua derradeira carta na que me contas o ben que o pasáchedes en Tucumán. E o eisito da tua Mostra, cousa que, como sempre, se produz en coanto a xente contempla as tuas creacións.

Agora entréganme a monografía de Squirru. Leereina axiña e xa che darei a miña impresión. Polo de pronto, a parte gráfica é espléndida. E supoño que tamén o será o texto.

A idea do libro a base dos anacos do meu Xornal nos que trato de tí ou da tua obra paréceme moi interesante. Dende logo, queda aceptada. Cando veñades, falaremos. E cecais nos poñamos ao traballo rápidamente.

Por eiqúí as cousas vánse acrarando. Son outimista, a pesares das aparencias contrarias. Coido que o camiño da liberdade é irreversible. E aínda que se cometen moitos erros, tanto oficiais como da oposición, o pobo está cada día máis lucidío e con maior pulo de decisión política; Ista é, polo menos, a miña impresión. Craro está que a realidade vira unha e outra vegada dun xeito desconcertante, pro con todo, o resultado final é espranzador. É cáseque como un proceso biolóxico que ninguén pode deter. Ir contra a liberdade é ir contra Natura.

Culturalmente hai poucas novidades. Non me lembro si xa che falei do libro "Unha dúcia de galegos". Si aínda nono tes, podo remesalo. Os que dín cousas valiosas son Piñeiro, Beiras, Don Ramón e tí. Hai algún entrevista-do que é lamentabel. A mocidade, en xeneral, desnortada e petulante.

Vinde pronto. Agardamos día a día por vós. *Democracy*

Velahí tes a dirección de Espasandín: 7501 ~~Democracy~~ Blvd. B-215. Bethesda, Maryland, 20034. U.S.A.

Grandes apertas para Maruxa e para tí de,

*Domingo*

X E Aruxo.